

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP FELICIANO BARRERA

CURSO: 1º

MATERIA: VALORES

DOCENTE: ÓSCAR MANUEL MARTÍNEZ IGLESIAS

DATA: 12 de maio de 2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e no seu caso ampliación).**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a valorando positivamente as súas características físicas e calidades, expresándoa mediante a linguaxe oral e representacións.	VSCB1.1.2. Expressa oralmente a súa auto- descripción. VSCB1.1.3. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.
B1.2. Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar.	VSCB1.2.1. Identifica e comunica as súas emocións.
B1.3. Autorregular as condutas cotiás e adquirir algunha estratexia de control dos impulsos.	VSCB1.3.1. Participa na práctica de técnicas de relaxación. VSCB1. 3.3. Interpreta o contorno e desen- vólvese nel con autonomía.
B2.1. Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal	VSCB2.1.2. Responde preguntas relaciona- das con situacións vividas e con imaxes observadas. VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade.
B2.3. Comprender a outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións.	VSCB2.3.1. Describe oralmente as características de diferentes persoas. B2.4. Descubrir e comprender as diferenzas entre as persoas, realizar valoracións positivas das súas calidades e facer cumprimentos.
B3.4. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres	VSCB3.4.1. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.
B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a valorando positivamente as súas características físicas e calidades, expresándoa mediante a linguaxe oral e representacións	VSCB1.1.3. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Neste terceiro trimestre empregarase a revisión e análise das distintas producións do alumnado como procedemento principal, empregando as fotos, documentos e vídeos que nos envíen semanalmente, de maneira voluntaria e atendendo ás posibilidades tecnolóxicas, de tempo e disposición de cada familia. Prestarase especial atención o estado anímico e emocional do alumnado. Serán actividades básicas e moi fáciles de realizar, porase moito coidado en que non supoñan unha presión engadida para o alumnado, que debe percibilas como unha actividade mais e non como un exame equiparable ós das clases presenciais. Estas probas terán un carácter diagnóstico. Fomentarase a participación habitual e a expresión oral.
	Instrumentos: Para o rexistro das observacións empregaremos listas de control, escalas de estimación, rexistros anecdóticos e rúbricas Teremos en conta que a avaliación é mais subxectiva nestas circunstancias polo que a súa principal función será diagnóstica.
Cualificación final	Para a avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o presente curso valorarase especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles anteriormente definidas neste documento. Farase media entre as cualificacións do primeiro e segundo trimestre do curso e engadirase a avaliación das actividades de recuperación, repaso e reforzo desenvolvidas no terceiro trimestre unicamente se beneficia ao alumno ou alumna . No caso contrario, non se terán en conta na cualificación final.
Materias suspensas nos anteriores trimestres	Non hai ningún caso de alumnado que non superase a materia nos trimestres 1º e 2º. A avaliación será continua , polo que o alumnado xa demostrou nos anteriores trimestres ter adquiridas as competencias mínimas da materia, polo tanto, aprobará a materia.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Na medida do posible deseñaranse actividades globalizadoras e interdisciplinares. Traballarase a comprensión expresión oral partir de curtas educativas seleccionadas para traballar os contidos e estándares descritos no primeiro apartado.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todo o alumnado do curso conta, polo menos, cun teléfono móbil e conexión a internet para ver os vídeos e para gravar sa respostas. Mediante a aplicación ClassDojo que xa ten instalada toda a clase, enviarase a información, actividades e as respostas. Manterase un contacto continuo coas familias. Colgaranse as actividades nun cartafol específico cada semana ou quincenalmente.
Materiais e recursos	O profesorado está a empregar os recursos dos que dispón no seu propio domicilio (conexión de internet, teléfono, ordenador ...). O alumnado ten na casa móbil e internet e poderán empregar distintos dispositivos multimedia (ordenador, tableta e/ou teléfono móbil). O centro educativo fixo préstamo de varias tabletas para o alumnado que unicamente dispuña dun móbil. A Cruz Vermella fixo préstamo de tarxeta SIM con datos para o alumnado que non dispuña de ningún tipo de conexión a internet.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información a comunicar aos diferentes grupos publícase na web do colexio e na aplicación Class Dojo. A información individual transmítense ao alumnado e ás familias a través do teléfono, correo electrónico, Abalar Móbil, Class Dojo e Whatsapp; dependendo das súas posibilidades, preferencias e do tipo de información a transmitir.
Publicidade	As modificacións realizadas na programación do terceiro trimestre reflexadas neste documento serán publicadas na web do centro . Para que a información chegue ao maior número posible de familias, enviaremos o enlace correspondente por todos os medios de comunicación que está a empregar o centro durante este proceso de ensino a distancia: teléfono, correo electrónico, Abalar Móbil, Class Dojo e Whatsapp